# AS FRASES FEITAS NO REXISTRO COLOQUIAL

# XUSTIFICACIÓN

- O alumnado utiliza o castelán como lingua do rexistro informal e o galego como lingua formal para a aprendizaxe de contidos.
- O traballo pretende que creen rexistros coloquiais en galego partindo de frases feitas para que o galego forme parte tamén do seu rexistro coloquial.

# OBXECTIVO:

- Enriquecer o rexistro coloquial do alumnado coa incorporación de expresións e frases feitas en galego.




- TRABALLO POR PARELLAS DE **SELECCIÓN** DE FRASES FEITAS




E **CREACIÓN DE CONTEXTOS COLOQUIAS** NAS QUE AS FRASES SELECCIONADAS TEÑAN SENTIDO



CADA PARELLA PASOU AS FRASES SELECCIONADAS E OS DIÁLOGOS INVENTADOS A UNHA **MONTAXE EN POWERPOINT**




FINALMENTE, **GRAVARON AS CONVERSAS** E INCORPORARON A GRAVACIÓN Á MONTAXE.

# ALGUNHAS FRASES FEITAS DO REXISTRO COLOQUIAL EN LINGUA GALEGA.

Selección feita sobre os traballos realizados polo alumnado de 4º de Diversificación

Todo o que ven

na rede é peixe.

Vou tirar esta folla de papel que está un pouco engurrada...

Non a tires! Que todo o que ven na rede é peixe.


Relucente
como o ouro

Pablo! Fixeches un exame de matemáticas relucente coma o ouro!


Es feo coma un ourizo cacho.

Estaba pelexando con Alex e faltoume ao repecto

Ese rapaz crese o mellor e o máis guapo. Eu xa lle dixen o outro día: Neno, es feo coma un ourizo cacho!

Fuxir co rabo
entre as pernas


Estívolle ben. Sempre anda a meterse cos outros pero apareceu o meu irmán maior e fuxiu co rabo entre as pernas.

Un bicho
coma un allo

O primo de Jessi éche
un pillabán; ese rapaz
vai ser un bicho coma
un allo.

Estar de bo ano.


- o novo veciño do edificio está de bo ano.


Salgada
coma un
arenque

- A paella do outro día saíume salgada como una arenque.




Está de fociños

Hoxe non lle vou pedir permiso para saír a miña nai xa que está de fociños pola pelexa que tivo  co meu pai.

Moito gando para pouca herba

Cres que chegará a comida para a festa desta noite?

Non creo, éche moito gando para pouca herba!

Un día é un día
e un peso
gastouse

Que? Como saíches
onte? Non che vai dar
para rematar o mes!

Tía, un día e un
día e un peso
gastouse!


Ter un
foguete no cu

*Jessi!! tía!! Para quieta!!*
*Parece que tes un*
*foguete no cu!!*

*Branco como*
*o leite*

*A ver se chega o verán, porque estou branca como o leite*


Falso como
as pesetas

**Os reporteiros do corazón son falsos como as pesetas, menten sempre e inventan as historias que a eles lles conveñen**


Suave como
a seda

***Encántame***
***a bufanda de María,***
***é suave como a seda.***

# Es un falabarato

Estaba na miña casa con lago e contoume que sairades onte pola noite.

Se lle dixen que non contase nada, é un falabarato!

# Darlle a lingua

## Moi típico del...

**O outro día fumos de excursión e Anxo, que ía detrás no autobús, non paraba de darlle a lingua.**


Abrir de
par en par

Por que?

Onte viu o exterminador e despois tivemos que abrir a casa de par en par.

Para que airease e se fose o cheiro que había na casa...

**Pechar a porta nos fociños**

Miña nai estaba tan enfadada co meu pai que non o deixou entrar na habitación e lle pechou a porta nos fociños

# A lume vivo


Que tristeza,
o monte ardía a
lume vivo...


Tal para cal


Meu pai e miña nai son tal para cal. Teñen os mesmos gustos e os mesmos defectos.


Dar no cravo

Pois si, deches no cravo!

Eu penso que Zidane foi o mellor xogador da historia


Facer o
conto

Que va, está a facer o conto!

A ese xogador fixéronlle penalti


Feito un lázaro

Hai que andar con coidado que senón mira o que pasa...

O outro día fun mirar unha competición de bicis e un rapaz caeu e quedou feito un lázaro

Ir a tropezóns


A tropezóns pero vou tirando
Que tal na escola, fillo?

Quen non arrisca
non colle nin chisca

Pero se sempre caes!

Vou facer un backflip

Ai, quen non arrisca non colle nin chisca


Coma
quen oe
chover

A nai de Yoli díxolle que fora tirar o lixo pero ela fixo coma que oe chover.


Lanzar flores

Gústalle tanto que non para de botarlle flores.


Caer ben

Estiven toda a tarde falando con Margarita e ao final caeume ben


Caer de sono

Onte deiteime
moi tarde

E agora caes
de sono…


Cerrar o pico

Hoxe estabamos falando e acabei agoniada dela e díxenlle que cerrase o pico


Caerlle a baba


Cáelle a
baba cada
vez que fala
do bebé


Ter cara de ferro

Cando cheguei a casa tiven que escoitar a meus pais botándome a bronca. Quedei con cara de ferro e tiven que marchar para a miña habitación.

Pegarlle o
trancazo

Fomos a praia e bañámonos aínda que facía frío. Pillei un bo trancazo.

# BIBLIOGRAFÍA


- *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*. Galinova.

- *Diccionario Cumio de expresión e frases feitas*.

- *Diccionario fraseolóxico galego*. Edicións A Nosa Terra.